

PROXECTO LECTOR ESCRITOR e INVESTIGADOR DE CENTRO¹

Ler e escribir para...

1. XUSTIFICACIÓN

A competencia lingüística, entendida como elemento básico fundamental para adquisición de novas aprendizaxes², é unha ferramenta fundamental e estratéxica para a aprendizaxe escolar.

Consideramos, ademais, que a competencia lectora e escritora constitúe un elemento insustituible de inclusión ou integración na sociedade da información e do coñecemento, converténdose, polo tanto, nun importante factor de calidade educativa.

A necesidade deste Proxecto baséase na idea de que formar lectores e escritores competentes é un proceso longo e non pode entenderse como un conxunto de accións puntuais e independentes senón que deben vertebrarse todas as actuacións do centro en torno ao proceso lector e escritor do noso alumnado dun xeito significativo e funcional.

O presente Proxecto pretende ser un documento no que se recollan as intervencións que neste tema se veñen desenvolvendo no centro para sistematizar as actividades a prol da lectura, á vez que un marco para a reflexión e a mellora das prácticas pedagóxicas relativas á cultura escrita coa consecuente mellora da nosa calidade educativa.

Está destinado a toda a comunidade educativa, xa que a competencia lingüística é unha labor cooperativa na que interveñen tanto as familias como os docentes e non debe limitarse ás paredes da escola.

¹ Entendemos que o hábito lector e escritor están totalmente interconectados así como a capacidade para manexarse coa información e as tecnoloxías.

² Varias razóns avalan esta idea:

- Os coñecementos das distintas áreas artículanse, fundamentalmente, de forma lingüística.
- Unha gran parte dos coñecementos adquirese a través de textos escritos.
- As diferencias observadas na lectura suelen ser fieles predictoras do futuro desenvolvemento educativo do noso alumnado.
- ...

2. REFERENTES

Este Proxecto forma parte do Proxecto Educativo do Centro e trata de ser coherente co resto dos seus elementos. De feito trata de concretar liñas de actuación referidas nos seguintes documentos institucionais:

- Plan da Biblioteca escolar: corazón detarrío.é
- Plan Tics
- Plan de Mellora das competencias básicas.
- Programacións docentes
- Plan de Atención á Diversidade

3. BASE LEGISLATIVA

Para a súa elaboración tomouse, ademais, como referencia a seguinte base lexislativa:

- Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio.LOE: artigos 17 e 19
 - *Sen prejuicio do seu tratamento específico nalgunhas áreas da etapa, **a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores traballaranse en todas as áreas.***
 - *A fin de fomentar **o hábito da lectura** dedicárase un tempo diario á mesma.*
- Decreto 130/2007 do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da E. Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia: artigos 3º, 6º e anexo IV
 - *Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, **os centros elaborarán e aplicarán un proxecto lector** que se axustará ás liñas básicas que se publican como **anexo IV** ao presente Decreto, asegurándose como mínimo **media hora diaria.***

4. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E A ESCRITURA NO CENTRO

4.1. ANÁLISE

Ao longo dos dous últimos cursos, mesmo con proxectos de formación en centro, realizamos a análise da situación en torno aos seguintes eixos:

- Prácticas lectoras e escritoras do noso alumnado.
- Identificación de logros e dificultades.
- Análise das metodoloxías empregadas.
- Recursos materiais e humanos cos que contamos.
- Necesidade de formación do profesorado neste ámbito.

A este respecto realizáronse as seguintes accións:

- Saber, querer e poder ler: proxecto de formación durante os cursos 09-10 e 10-11 coa participación da gran maioría do profesorado:
 - A lectura como proceso estratéxico:
 - Obxectivos de lectura
 - O proceso lector: actividades parra cada momento do proceso.
 - Saber ler:
 - Ensino-aprendizaxe do código escrito.
 - Lectura compartida.
 - Tipoloxía textual.
 - Tipos de lectura.
 - A lectura eficaz
 - Querer e poder ler
 - Estratexias para animar a ler: lectura silenciosa, actividades de animación...
 - traballo por proxectos
- Establecer esta análise como obxectivo de centro nas correspondientes PXA dos dous pasados cursos.
- Análise de resultados da avaliación diagnóstica do curso 09-10.
- Avaliación interna da eficacia lectora do noso alumnado ao longo deses dous cursos tanto en galego como en castelán de xeito trimestral.
- Análise da relación entre a avaliación interna e a externa.
- Redacción do consecuente plan de mellora das competencias básicas e a súa posta en práctica a partires do curso 10-11.
- Reflexión e debate nos distintos ciclos e na CCP sobre as seguintes variables:
 - Grao de definición e concreción das programacións didácticas.
 - Adecuación dos libros e texto e materiais empregados.
 - Tempo adicado na aula a traballar especificamente estas competencias.
 - Coordinación a nivel de ciclo, interciclos e CCP.
 - Metodoloxía empregada na aula para traballar estas competencias.
 - Asiduidade e pertinencia das avaliacións internas nos aspectos claves das competencias básicas.
 - Pertinencia dos criterios de avaliación e fichas de seguimento de logros.
 - Implicación e apoio das familias.
 - Excesivo peso dos contidos.
 - Falta de familiaridade con este tipo de probas.

4.2. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN

En xeral, o centro ten incorporado á súa práctica docente as competencias básicas. Non se detecta ningún compoñente dispar, pero acordamos nos órganos pertinentes as seguintes accións de mellora:

- Respecto ao currículo
 - Redacción do presente proxecto lector, priorizando a competencia lingüística, entendida como elemento básico fundamental para a adquisición de novas aprendizaxes.
 - Establecer un modelo de avaliación da competencia lingüística desde as distintas áreas.
 - Elaborar como anexo a este proxecto lector, un documento do centro sobre a estratificación do proceso lectoescritor desde os inicios da escolaridade en infantil hasta o remate da E. Primaria, con bancos de propostas de actividades por ciclos así a avaliación da produción dos textos escritos.
- Respecto á práctica docente
 - Orientar a propia metodoloxía a catro principios básicos
 - Mediación
 - Significatividade
 - Constructividade
 - Funcionalidade
 - Traballar cos distintos tipos de texto, priorizando os contidos funcionais.
 - Elaborar un pequeno proxecto interdisciplinar (proxecto documental integrado, proxecto de investigación) por trimestre.
- Respecto á organización e funcionamento do centro
 - Crear un histórico de resultados, tanto da avaliación externa como das internas, que permita:
 - Análise sincrónico ao comparar as probas do centro cos da avaliación diagnóstica.
 - Análise diacrónico ao comparar tales resultados cos dos cursos anteriores.
 - Mellorar a coordinación didáctica vertical e horizontalmente.
 - Establecer 10 minutos diarios para o traballo da linguaxe oral de igual xeito que se fai co PLSS ou co cálculo mental.
 - Diseñar probas propias de avaliación por competencias.
- Respecto ás familias
 - Incorporar ao PEC, referente de toda a Comunidade educativa, o proxecto lector, escritor e investigador coas correspondentes avaliacións anuais.
 - Buscar a complicidade das familias no desenvolvemento deste proxecto.

5. OBXECTIVOS

- Desenvolver a competencia lectora e escritora
- Favorecer a competencia literaria
- Educar no uso crítico da información
- Fomentar o hábito da lectura
- Apoiar a adquisición das competencias básicas, especialmente:
 - Comunicación lingüística
 - Tratamento da información e a competencia dixital
 - Competencia cultural e artística
 - Competencia para aprender a aprender

6. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

6.1. ESPAZOS

Nas actividades estruturadas, os espazos que se contemplan son as aulas e a Biblioteca do Centro, sendo recomendable que todas as aulas dispoñan dun rincón propio de lectura.

6.2. TEMPOS

- O uso da **Biblioteca** do centro estará organizado cun horario que contemple:
 - Servicio de préstamo: no recreo
 - Sala de lectura e consulta: recreos
 - No resto do horario lectivo previa reserva nunha grella que está á entrada da Biblioteca.
 - Nos momentos de actividades puntuais organízase un horario de visita para os distintos grupos.
- **Tecnoloxías** da información e comunicación:
 - Aula de informática: Existe un plan de uso deste recurso e cóntase cun horario no que se garante a dispoñibilidade da aula unha hora á semán por curso. O resto das horas pódense reservar nunha grella na porta da aula.
 - Aula de audiovisuais, con capacidade para 120 persoas onde está instalado un cañón de vídeo e a pizarra dixital. Pódese empregar previa anotación na grella correspondente.
 - Ordenador de aula: Todas as titorías dispoñen dun equipo informático.
 - O sistema de uso da zona de consulta da Biblioteca con puntos de Internet durante o horario lectivos será o mesmo que o xeral, tendo en conta que nos recreos tanto da mañán como do mediodía será de uso libre por parte do alumnado.

- Despois do recreo do mediodía adócanse 20 minutos para o programa de lectura silenciosa sostida (**PLSS**).
- Programa de **lectura eficaz**: unha hora semanal.
- No resto das actividades ofrécese unha indicación, pero seguirase a criterio do profesorado.

7. DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A Biblioteca do noso centro está a levar a cabo o Plan de Mellora de Bibliotecas escolares por cuarto ano consecutivo. Este proxecto foi distribuído e é coñecido por todo o profesorado do centro. Nel contémpanse actividades relacionadas coa súa dinamización: fomento da lectura, formación de usuarios e educación documental.

8. RECURSOS

8.1. HUMÁNS

<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado 	<ul style="list-style-type: none"> • O traballo realizarase fundamentalmente a través dos equipos de ciclo dun xeito cooperativo e coordinados polo Equipo de Biblioteca. • Crear materiais curriculares para o fomento da lectoescritura, organizados nun fondo documental. • Dinamizará e motivará á comunidade educativa. • Proporcionar formación por pares.
<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado 	<ul style="list-style-type: none"> • Protagonistas do proceso • Buscarase a súa participación activa.
<ul style="list-style-type: none"> • Familias 	<ul style="list-style-type: none"> • Informaráselle do que estamos facendo para tratar de co-implicalas nas actividades que se planifiquen. • Celebración de Encontros cos pais e nais. • Tratarase de que creen un clima lectoescritor na casa.

8.2. MATERIAIS

<ul style="list-style-type: none"> • Biblioteca do centro 	<ul style="list-style-type: none"> • Todos os seus recursos. • Plan de mellora
<ul style="list-style-type: none"> • Biblioteca de aula 	<ul style="list-style-type: none"> • Con fondos aportados por Olegario, o noso rato bibliotecario e tamén polos propios alumnos.
<ul style="list-style-type: none"> • Biblioteca persoal 	<ul style="list-style-type: none"> • Obxectivo a medio prazo deste plan.
<ul style="list-style-type: none"> • Medios de comunicación e novas tecnoloxías 	<ul style="list-style-type: none"> • Aula de audiovisuais. • Aula de informática

	. Puntos de Internet da Biblioteca
--	------------------------------------

9. ITINERARIOS LECTORES

Os equipos de ciclo coa coordinación da CCP, onde está integrada a responsable da biblioteca, determinará o itinerario lector do centro por bienios.

Realizarase unha selección de títulos axeitados para cada idade, tomando como referencia para este primeiro itinerario, a publicación ao respecto de Julián Pascual, da universidade de Oviedo e os cen imprescindibles da páxina de Bibliotecas escolares da Xunta.

10. ACTIVIDADES

10.1. Programa de Lectura Silenciosa Sostida

Aínda que se recolle o seu desenvolvemento en anexo específico, resúmese a continuación:

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Crear hábitos de lectura ▪ Establecer un tempo e un espazo para a lectura non dirixida. ▪ Estimular o interese pola lectura ▪ Facilitar a libre elección de textos por medio da autoselección de libros. ▪ Formar lectores independentes que lean para a súa información e agrado persoal. ▪ Lograr o descubrimento do placer pola lectura. ▪ Mellorar as actitudes respecto da lectura. ▪ Fomentar o gusto pola lectura ▪ Mellorar a capacidade lectora ▪ Practicar o hábito do silencio construtivo
Destinatarios	Todo o alumnado do centro
Tempo	Todo o curso
Duración	20 minutos diarios despois do recreo de mediodía
Profesorado responsable	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesor que ten a cargo esa aula a 5ª h.
RECURSOS	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Libros de lectura variados
Consignas comúns	Todos os alumnos e adultos do centro len en silencio un libro ³ da súa elección que previamente escolleron da Biblioteca do centro, da de aula ou da persoal.
¿Cómo?	<ul style="list-style-type: none"> - Primeiro escollemos o libro. - Saímos ao recreo de mediodía, deixando o libro preparado - Á volta disfrutamos da súa lectura
Esixencias	Non se esixe ningunha tarefa a realizar sobre a lectura.

³ Calquer documento: libro, revista, cómic, xornal, folleto...)

Seguimento	Levaranse a cabo avaliacións periódicas para comprobar os seus resultados: <ul style="list-style-type: none"> • Conductas observadas no alumnado. • Préstamos de libros • Mellora da comprensión
-------------------	---

10.2. Programa de lectura eficaz⁴

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver as habilidades lectoras ▪ Traballar técnicas de lectura rápida ▪ Incrementar o número de palabras que leemos e entendemos nun minuto.
Destinatarios	A partir de 2º de E. Primaria
Tempo	Todo o curso
Duración	1 hora semanal na área de lingua castellana
Profesorado responsable	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesor de lingua castellana de cada curso.
RECURSOS	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Libros de lectura eficaz editados polo propio centro. ▪ Prolec ▪ Vídeos de lectura eficaz
Consignas comúns	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lectura individual de cada texto o máis rápido posible, sen volver atrás, coa suficiente atención para despois poder responder a preguntas sobre o lido. ▪ Realizar as actividades de cada lectura no tempo asignado para exercitar a atención.
¿Cómo?	<ul style="list-style-type: none"> - Explicitar o obxectivo que pretendemos. - Motivar ao alumnado para mellorar a rapidez.
Seguimento	Realizarase unha avaliación inicial e unha trimestral seguindo a fórmula que se recolle nos materiais e rexistrando todos os datos por alumno.

10.3. Lectura en voz alta⁵

A lectura expresiva é unha estratexia didáctica que debe formar parte das experiencias de lectura que ofrece a escola.

No primeiros cursos o alumno só escoitará. Cando poida realizar unha lectura eficiente e segura deberáselle pedir que lea en público pero nunca antes de que faga propio o texto a ler, xa que está demostrado que realizar o primeiro achegamento ao texto en público non aporta beneficios senón que fixa os erros.

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mellorar as habilidades da lectura expresiva. ▪ Proporcionar un modelo axeitado de lectura en
-------------------	--

⁴ Xúntase documentación elaborada por Kepa Osoro e cóntase ademais co material propio do centro.

⁵ ¿Por qué leer en voz alta? Kepa Osoro

	<p>voz alta.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Exercitar a imaxinación. ▪ Aumentar a comprensión e suavizar a falta de concentración.
Destinatarios	Todo o alumnado
Tempo	Todo o curso
Duración	Adicar un tempo semanal nas áreas de lingua
Profesorado responsable	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesor de lingua.
RECURSOS	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Textos completos ou fragmentos significativos.
Consignas comúns	<ul style="list-style-type: none"> ▪ I mos escoitar moi atentos para despois poñer en común.
¿Cómo?	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lectura en voz alta coidando o volume, a articulación, a fluidez e o ritmo. ▪ Intercambiar as distintas interpretacións.
Seguimento	<p>Os criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Volume: voz nin esaxerada nin escasa. ▪ Articulación: claridade na articulación dos sons. ▪ Fluidez: número de vacilacións e/ou substitucións. ▪ Ritmo: intención comunicativa e naturalidade.

10.4. Programa de lectura compartida⁶

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Promover nos alumnos e alumnas o emprego de estratexias que lles permitan interpretar e comprender autónomamente os textos escritos.
Destinatarios	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o alumnado de E. Primaria
Tempo	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso
Duración	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Adicar un tempo diario en todas as materias.
Profesorado responsable	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o profesorado.
RECURSOS	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Distintos tipos de texto: narrativo, descriptivo, expositivo, instructivo, predictivo, conversacional e poético ▪ Libros de texto ▪ Enunciados de problemas ▪ ...
Consignas comúns	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ¿para que vou ler? Marcar o obxectivo de lectura ▪ Antes da lectura: <ul style="list-style-type: none"> • Activación de coñecementos previos: a partires das marcas textuais (títulos, subtítulos, ilustracións...) trataremos de averiguar o que xa sabemos sobre o contido do texto. • Predicións ou anticipacións: basándonos na estrutura do texto, trataremos de averiguar que tipo de texto será, cal será o seu contido, que pretenderá comunicarnos... • Identificación de propósitos: falaremos

⁶ Xúntase resumo do libro *Estratexias de lectura* de Isabel Solé

	<p>do que pretendemos averiguar coa lectura dese texto, que queremos conseguir, cal é o noso obxectivo de lectura.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Durante a lectura <ul style="list-style-type: none"> • Realización de novas prediccions: a partires da lectura dun parágrafo, intentaremos deducir o que nos pode decir o seguinte. Debemos aducir razóns. • Revisión das ideas principais: comprobaremos se identifican as ideas principais sobre o que levan lido e se son capaces de resumilas. • Saber que facer diante dunha lagoa de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Ignoralas se non se considera importante para lograr o obxectivo sinalado. ▪ Reler o fragmento para tratar de aventurala. ▪ Acudir ao dicionario ou ao profesor se é necesaria esa información. ▪ Despois da lectura <ul style="list-style-type: none"> • Resúmen das ideas principais: a través das palabras fundamentais, dalgunhas frases ou dun parágrafo. • Comprobación e avaliación: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprensión literal: referencia a datos explícitos no texto. ▪ Comprensión interpretativa: referencia a datos non explícitos no texto. ▪ Comprensión crítica: referencia á intencionalidade do autor, expresións de opinións sobre o lido...
<p>¿Cómo?</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Para facer as detencións necesarias para realizar as prediccions, os textos deben estar marcados no punto onde os alumnos deben darlle a volta ao texto, - ou ben podería ser lido polo propio profesor para guiar a actividade.
<p>Seguimento</p>	<p>Rexistraranse os avances relativos á formulación de hipótesis, á mellora de resumir as ideas principais e ao recoñecemento dos distintos tipos de texto.</p>

10.5. Obradoiro de escritura

Os obxectivos e metodoloxía desta actividade estruturarase nun dobre eixo. Por un lado, traballarase a produción escrita en paralelo ás lecturas e sempre con axuda de pautas e propostas moi diversas e prácticas (con

diversidade de tipos de texto e axeitados ao nivel madurativo do alumnado)

Por outra parte, esta actividade desenvolverase seguindo as pautas da lectura compartida e as estratexias de comprensión: antes, durante e despois da produción escrita.

Todas as actividades existentes no centro e as que se produzan ao longo do curso, organizaranse para servir de banco de propostas para todo o profesorado.

10.6. Campañas de lectura e actividades puntuais

Trataranse de aplicar en todo o centro as campañas institucionais e todas as propostas que proveñan da Biblioteca.

10.7. Proxectos documentais integrados

Coordinados pola Biblioteca, levaremos a cabo pequenos proxectos de investigación en torno a un tema común nos que o alumnado traballará directamente coa documentación, en todo tipo de soportes, aprendendo a aprender e a traballar autónomamente.

Para pautar e secuenciar estes traballos, seguiremos os itinerarios de aprendizaxe⁷:

- Investigo: proceso de elaboración dun pequeno traballo de investigación empregando distintos tipos de fontes de información.
- Poño en común: procedemento para expoñer un tema en público.
- Presento un libro: procedemento para localizar, ler e presentar un libro.

11. LER EN FAMILIA

Animarase aos pais e nais a través de encontros colectivos ou coa edición de materiais específicos a participar na aplicación deste plan. Buscarase a súa co-implicación tanto dentro do centro como nas casas.

Entre as actividades previstas están:

- Encontros cos pais e nais
- Traslado á casa do programa de lectura silenciosa
- Participación de pais e nais nas lecturas compartidas
- Edición de cadernos de pais e nais

⁷ Aulactiva.com/rutas/guia/conte.html

12. METODOLOXÍA

A metodoloxía será práctica, participativa e interdisciplinar, que incluíra a toda a comunidade escolar, potenciando as relacións entre o centro e as familias.

O inicio de todas as actividades será marcar o obxectivo de lectura, o por que, o que se persigue.

Traballarase a lectura en paralelo e simultaneamente, sempre que sexa posible, coa escritura, potenciando o gusto por mellorar as súas propias producións.

As actividades irán secuenciadas e acordes co nivel madurativo do alumnado. Ofertaranse diferentes tipos de producións escritas e presentadas en diversos formatos.

Potenciarase o traballo cooperativo e as relacións interpersoais de axuda entre compañeiros.

13. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Este plan estará sometido a unha permanente e rigurosa avaliación, fundamentalmente interna aínda que non se descarta a aplicación de cuestionarios valorativos ás familias.

Avaliaranse os recursos humanos e materiais, as estratexias e procedimentos, a organización espacio-temporal, as propias instalacións, os materiais producidos e os logros do noso alumnado.

Paralelamente iran rexistrando as prácticas cotiás para poder analizar a situación real da lectura e escritura no noso centro no ánimo de elaborar o noso proxecto lector, que contemple:

- Criterios metodolóxicos comúns.
- Estratexias para traballar cada tipo de lectura: comprensiva, informativa, creativa, recreativa e técnica lectora.
- Secuenciación de contidos
- Criterios de avaliación coherentes e uniformes.
- Itinerarios lectores por ciclo
- Formación do profesorado
- ...